



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 19 DE AGOSTO DE 2014

ASISTENTES:

Presidente:
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D.^a DELIA PAZ ARDAO

SECRETARIO:
D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás nove trinta horas do día dezanove de agosto de dous mil catorce baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe. Disculpan a asistencia D.^a Olga María Blanco Teijeiro, e D. Fernando Vilar Díaz.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 8 DE AGOSTO DE 2014

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data oito de agosto de dous mil catorce.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2014. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos 4/2014 por importe de 103.005,60€ , pola modalidade de xeración de créditos que se corresponde coas obras incluídas no DTC 93 financiado pola Deputación Provincial da Coruña.

As obras incluídas no mencionado Plan e obxecto deste expediente son as denominadas " Pavimentación de vías Municipais A Barbela - AC 121" por importe de 70.139,40€ e a denominada "Pavimentación de vías municipais A Porta - San Boulo e outros ", por importe de 32.866,20€ .

Xérase crédito na partida 2014.155.61900 polo importe citado de 103.005,60 €. O citado expediente foi informado favorablemente na Comisión informativa de asuntos do pleno realizada o derradeiro día catorce de agosto de dous mil catorce.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para reiterar o xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno no sentido de que o seu grupo non vai a dicir que non, pero gustaríalles ter participado na definición das obras que no seu día se incluíron no DTC 93.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que as obras xa foron aprobadas no seu día polo pleno do Concello e o expediente de modificación de créditos, é en realidade un trámite administrativo, polo tanto nada que dicir ao respecto.

Péchase o debate coa intervención da voceira do Grupo Mixto - BNG, D.^a Delia Paz Ardao, que manifesta que non ten nada que obxectar no presente asunto.

Sometido polo Sr. Alcalde-Presidente o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos número 4/2014, pola modalidade de xeración de créditos, de acordo co seguinte cadro

CAPITULO	CONSIGNAC. INICIAL	XERACIÓN CRÉDITOS	TRANSF. NEGAT.	TRANSF. POSIT.	TOTAL CONSIG. RESULT.
I GASTOS PERSOAL	343.858,85€				343.858,85€
II GASTOS BENS CORRENTES	561.707,98€				561.707,98€
III. GASTOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
IV TRANSF. CORRENTES	18.700,00€				18.700,00€
VI INVESTIMENTOS REAIS	307.065,92€	103.005,60€			410.071,52€
VII TRANSF. DE CAPITAL	0,00€				0,00€
VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
IX PASIVOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
TOTAL	1.231.332,75€	103.005,60€			1.334.338,35€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva de anuncio no BOP.

3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 5/2014. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente número 5/2014 de modificación de créditos por importe de 11.796,40€, pola modalidade de xeración de créditos que se corresponde á subvención da Deputación, das actuacións subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña correspondentes á rede cultural 2014. Xerándose crédito polo citado importe na partida 2014.338.226.09.

O mencionado expediente foi informado favorablemente na derradeira comisión informativa de asuntos do pleno realizada o día catorce de agosto de dous mil catorce.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández remítese ao xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o seu Grupo alégrase de que a Deputación recapitulase e volte a incrementar as subvencións para actividades culturais.

Pecha o debate deste asunto coa intervención da voceira do Grupo Mixto - BNG, D.^a Delia Paz Ardao no sentido de que non hai nada que obxectar neste asunto.

Sometido polo Sr. Alcalde-Presidente o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos número 5/2014, pola modalidade de xeración de créditos, de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIGNAC. INICIAL	XERACIÓN CRÉDITOS	TRANSF. NEGAT.	TRANSF. POSIT.	TOTAL CONSIG. RESULT.
I GASTOS PERSOAL	343.858,85€				343.858,85€
II GASTOS BENS CORRENTES	561.707,98€	11.796,40€			573.504,38€
III. GTOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
IV TRANSF. CORRENTES	18.700,00€				18.700,00€
VI INVESTIMENTOS REAIS	410.071,52€				410.071,52€
VII TRANSF. DE CAPITAL	0,00€				0,00€

VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00€				0,00€
IX PASIVOS FINANCIEROS	0,00€	0,00€			0,00€
TOTAL	1.334.338,35€	11.796,40€			1.346.134,75€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva de anuncio no BOP.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as nove horas trinta e seis minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


José A. Meizoso Paz